

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das axudas para **actuacións de corrección de impactos paisaxísticos (para mellorar a imaxe exterior de vivendas e equipamentos) destinadas a persoas físicas MT402A**

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220119/AnuncioG0192-221221-0001_gl.html

ACTUACIONES SUBVENCIONABLES:

- a) **Revestimiento e/ou pintado de** paramentos cegos de fachada que actualmente estean rematados con materiais ou solucións construtivas non axeitadas para quedaren á vista, como fábrica de ladrillo, de bloques de formigón, formigón ou morteiro de cemento.
- b) **Renovación do acabado** dos paramentos cegos **de fachadas, carpintarías ou cerrallarías exteriores**, que supoñan un impacto paisaxístico como consecuencia do deficiente estado de conservación ou da tonalidade e/ou a intensidade da actual cor de acabado.
- c) **Remate ou renovación do acabado exterior de cubertas que**, ben por estar rematadas con pranchas de fibrocemento ou solucións construtivas non axeitadas para quedaren á vista, ben por atoparse nun deficiente estado de conservación, constitúen un impacto paisaxístico.
- d) **Revestimiento de muros de cerramento de predios realizados con ladrillo ou bloques de formigón, sen revestir.**
- e) **Recuperación, restauración ou arranxo de muros de pedra tradicionais**, co obxecto de evitar o potencial impacto paisaxístico que produciría a súa perda, así como o que produce o seu mal estado de conservación.

Persoas beneficiarias e requisitos das solicitudes

Poderán ser beneficiarios desta subvención as **persoas físicas titulares dun inmovible ou ben sobre o que pretendan realizar algunha/s das actuacións**. Só caberá presentar unha solicitude por persoa. Cada solicitude poderá conter varias actuacións. A persoa solicitante deberá ser propietaria do terreo, inmovible ou ben en que se pretende realizar as actuacións e deberá acreditar a súa plena dispoñibilidade, como mínimo durante o período en que se manteñen as obrigas que asume o beneficiario da axuda.

Gastos subvencionables

- a) Gastos necesarios para a axeitada execución das actuacións subvencionadas, tales como, entre outros, os materiais e a man de obra.
- b) Gastos correspondentes a honorarios facultativos devindicados pola redacción dos proxectos técnicos precisos para a execución das actuacións, así como pola dirección facultativa das obras e o custo dos estudos necesarios para a súa realización. Estes custos xerais asociados aos investimentos que se efectúen non poderán superar o 10 % do investimento subvencionable.
- c) Os tributos serán gasto subvencionable cando a persoa beneficiaria da subvención os aboe efectivamente.

O importe da subvención será do 70 % do orzamento do investimento subvencionable, co límite máximo de 3.000 € por solicitante e ben.

PRAZO; 20/01/2022 – 19/02/2022

INFORMACIÓN: Instituto de Estudos do Territorio (IET) Teléfono: 981 54 17 55